



DECRETO

Asunto: alta na Seguridade Social e formalización de contratos do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026

Expediente: 2026/E001/000001

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provisión, mediante o sistema de concurso-oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de cinco postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento: TR351G). (DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2026),

Visto que este Concello presentou o día 01/06/2026 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.4 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Visto que nas datas 08/06/2026 e 10/06/2026 a Oficina de emprego remitiu no formulario de oferta da selección 1 da oferta 12-2026-5308 e no formulario de selección 2 da oferta 12-2026-5308, respectivamente, un total de 12 curriculum vitae, como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), e visto que despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, tiñan de prazo 2 días hábiles para participar no proceso de selección.

Visto o decreto do 12/06/2026 que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica e da proba da lingua galega, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 15/06/2026, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento dos postos convocados e a relación de suplentes por orden decrecente.

Visto o decreto do 17/06/2026 de nomeamento de 5 peóns forestais e visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula décima das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), con unha duración de 9 meses e a xornada completa, con data de inicio do 22/06/2026 e data de fin ao 21/03/2027 aos 5 candidatos seleccionados para o programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	ANTELO ALVAREZ, MARIA CARMEN	***5354**
2	CALVO RECAREY MARÍA JOSEFA	***7290**
3	PARGA ARÁN MARCOS	***9935**
4	VAZQUEZ GARCIA, MARIA CONSUELO	***6849**
5	TORRADO LEMA JOSE ANTONIO	***1365**



SEGUNDO: publicar no taboleiro de anuncios electrónico do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

TERCEIRO: trasladar esta resolución na próxima sesión plenaria do Concello.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

Dou fe,

A SECRETARIA

Ana María Reyes Cambre